



Confederación Intersindical Galega

A todos os traballadores e traballadoras en paro ou con un emprego precário

O desemprego é un dos problemas máis graves da sociedade galega tal como reflecten as enquisas, xa que unhas 200.000 persoas están en paro, sobre 760.000 que traballan ou buscan traballo por conta allea (hai asemade miles de empregos na economía mergullada, e dos que están ocupados un 34% son eventuais). Sabemos que unha parte destes traballadores e traballadoras parados poden estar algunha vez no ano realizando un curto contrato eventual ou facendo algunha chapuza en precario, pero isto non é xeito de vivir e non permite planificar o futuro, ¡A sua vida está hipotecada!

Pero a situación do parado/a resulta máis grave cando na familia non hai nengun membro da mesma que teña un emprego, ou cando todos están facendo traballos eventuais ou en precário, ou naqueles casos nos que pasan varios anos sen acadar un posto de traballo (desemprego de longa duración, que en Galiza abrangue a unha de cada tres persoas en paro). Sen dúbida as mulleres, a mocidade e os maiores de 45 anos son os colectivos máis afectados, pero nesta situación de precariedade ou marxinación pode ver-se calquera, imesmo o que hoxe ten un emprego fixo e ben pagado!

Resulta incomprensíbel que nunha sociedade como a actual, moito máis rica que hai unha década, haxa un maior número de persoas que non teñen emprego ou carecen de calquer tipo de cobertura económica. Isto sucede porque os beneficios de cada vez se concentran en menos persoas, que non reinvesten para crear máis fábricas e emprego, senón que os invisten fora a maioría das veces. Nomeadamente, son abondosos os investimentos no resto do Estado e na especulación financeira en Bolsa, pero tamén na América Latina, onde aproveitan a actual conxuntura de superexplotación, que permite acadar grandes beneficios empresariais en pouco tempo. Neste marco, os sacrificios dos traballadores galegos non conseguen como contrapartida máis emprego, senón máis pobreza e marxinación. A isto suma-se, a privatización e diminución de servizos públicos básicos e a rebaixa das cargas impositivas aos máis ricos, que son un nova agresión contra as clases máis débiles.

Fai falla unha distribución máis xusta do traballo e da riqueza. A toda persoa hai que lle garantir a oportunidade de traballar, sexa nun emprego na empresa privada ou pública, ou, no seu defeito; nun servizo social necesario e polo que receba un salario ou seguro de emerxencia ou solidario (o nome é o de menos), evidentemente de xeito transitório. A Xunta de Galiza ten a obriga de atender e dar saída a este grave problema que é o paro e a precariedade, non pode seguir escoitando só aos poderosos. O Goberno Galego debe estudar e pór en funcionamento un fondo que permita realizar unha política solidaria cos desempregados, mentres non se xere o emprego necesario, involucrando na súa posta en práctica ao Goberno Central, Unión Europea, deputacións e concellos.

Mais, sobre todo, cómpre que os desempregados se organicen sindicalmente. Este é o único xeito de que se teñan en conta as súas reivindicacións, e o problema do paro deixe de ser un recurso retórico nos discursos políticos. Non vale aparcar o problema até o momento en que se crie pleno emprego, aínda máis cando se fala de que o desemprego é un problema estrutural. Fan falla medidas de choque iaxiña!, que deben pasar por:

- Un seguro de emerxencia, ou seguro solidario, por unha contía que sexa igual ao salario mínimo interprofesional, e para todos os parados/as que non teñan cobertura económica de nengun tipo. Debería conceder-se a todos os galegos residentes con máis de 21 anos, aos que teñan cargas familiares calquera que fora a súa idade ou aqueles estranxeiros que leven vivendo no país máis de tres anos. Os que receban este seguro ou salario solidario deberían realizar traballos sociais e cursos de formación mentres estean nesta situación, que sempre debería ser transitória. O traballo social debe catalogar-se para evitar cubrir tarefas para as que hai que contratar a un asalariado.
- A Xunta e os concellos deben ampliar as contratacións para cubrir un maior número de servizos que hoxe son básicos, mellorando así o benestar do conxunto da poboación (atención á terceira idade e infancia, protección ecolóxica, inspección de traballo e seguridade laboral, etc.). Nós propoñemos que se crie 60.000 empregos nestas actividades, nos vindeiros catro anos, nas propostas que lle facemos á Xunta de Galiza nas negociacións sobre o Plano de Emprego.
- Reducir a xornada laboral ás 35 hs., de xeito progresivo e en todos os sectores, así como a supresión radical de horas extras, e a eliminación das ETT, subvencionando a aquelas empresas que reduzan a xornada laboral e crie novos postos de traballo.
- Poner en funcionamento un Servizo Galego de Emprego, que debe ser un organismo público e baseado na estrutura que o INEM tiña en Galiza, no que deben figurar inscritos os parados, e recoller as demandas de colocación realizadas polas empresas. Un organismo con competencias plenas nas políticas activas de colocación e nas pasivas de prestacións económicas aos desempregados.

Hai outras medidas de menor entidade, pero que deben ser postas en práctica xa que favorecen a este colectivo: cobertura do coste dos libros e matrículas escolares; tarifas reducidas nos transportes públicos; exención de taxas para presentar-se a unha oposición, inscribirse en cursos e centros de estudo públicos...

Non hai dúbida de que a medida que se cree emprego vai-se reducir o número de afectados por este seguro solidario de desemprego. Ademais o seu establecemento redundará nuns maiores servizos públicos, nunha mellor redistribución da riqueza e nun medre do consumo, e, especialmente evitará o traballo precario e a economía mergullada, ao crear un escalón mínimo para o contrato de man de obra.

Todas estas son iniciativas que CIG realiza no documento "Propostas para pular polo emprego" entregado á Xunta de Galiza, sindicatos e patronal, no marco das negociacións abertas por mor do Plano de Emprego de Galiza durante o mes de Febreiro deste ano.

En Franza a loita dos desempregados -que cobran un seguro mentres están parados- para acadar un aumento das asignacións está batendo no fondo do problema, obrigando á patronal e aos gobernos, máis alá do discurso fácil, a dar unha saída laboral a medio prazo mediante a creación de emprego público e a redución da xornada laboral a 35 hs. A súa loita é un exemplo que debemos seguir. ¡Basta de espera e precariedade!. ¡Cómpren solucións axiña!.

Compañeira e compañeiro desempregado/a ou en precario, organízate coa CIG

**¡¡¡ defende o teu futuro
e o da nación galega !!!**